

MINISTERIO DE DEFENSA

18496 REAL DECRETO 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa. («BOE» 277, do 17-11-2008.)

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, introduce unha importante reforma no ensino das Forzas Armadas, e afonda no proceso de integración no sistema educativo xeral, iniciado pola Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional.

Mantense, no correspondente a oficiais, a exigencia dunha excelente formación militar, incidindo no obxectivo imprescindible de proporcionarlles a preparación requirida para o exercicio profesional. E para iso a lei deseña un novo modelo de ensino de formación para oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña, que comprende, por unha parte, a formación militar xeral e específica, que se impartirá nas academias militares e, por outra, a correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral que se impartirá nun sistema de centros universitarios da defensa, situados nas referidas academias militares.

A citada lei, no seu artigo 51, establece que o Ministerio de Defensa promoverá a creación deste sistema de centros e a súa adscrición destes a unha ou varias universidades públicas, conforme o previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril. Estes centros rexeranse, ademais de polas mencionadas leis, pola normativa aplicable a cada universidade e polos correspondentes convenios de adscrición.

O sistema de centros universitarios da defensa configúrase, por iso, como un dos eixes orgánicos do novo ensino militar para os oficiais dos corpos xerais e de infantaría de mariña. Estes centros universitarios proporcionarán ensino de formación e de perfeccionamento e, ademais da capacitación profesional que lles achegarán aos oficiais, constituirán o nexa entre a comunidade universitaria e as Forzas Armadas. Na longa historia do ensino militar español nunca se establecera un modelo pedagóxico levantado sobre dous piares, militar e universitario, e esta innovación merece resaltarse.

Esta innovación é tanto máis relevante canto a que a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, se preocupou de establecer un sistema e non só a xustaposición de centros. O novo modelo de ensino de formación de oficiais desprégase a través de centros universitarios conectados a unhas academias e escolas de moí consolidada traxectoria histórica, pero estes centros forman parte dun sistema do cal cada centro é unha peza esencial e insubstituíble. Por iso este real decreto regula uns centros universitarios inseridos nun sistema coherente, harmonioso e interrelacionado.

Polo tanto, faise necesaria a creación, no ámbito do Ministerio de Defensa, dun sistema de centros que sirvan de base para, posteriormente, solicitar a súa adscrición a unha universidade pública, adquirindo nese acto o carácter de centro universitario.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de outubro de 2008,

DISPONGO:

Artigo 1. *Finalidade.*

O obxecto deste real decreto é a creación e o establecemento do réxime xurídico do sistema de centros universitarios da defensa para a súa adscrición, mediante o correspondente convenio, a unha ou a varias universidades públicas coa finalidade de impartir as ensinanzas universitarias oficiais que acorde o Ministerio de Defensa, en función das necesidades da defensa nacional e as exigencias do exercicio profesional nas Forzas Armadas. En todo caso, os centros universitarios da defensa impartirán as ensinanzas de grao reguladas no artigo 44.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Artigo 2. *Creación e titularidade dos centros.*

1. Créase no Ministerio de Defensa o sistema de centros universitarios da defensa.

2. Integran o sistema de centros universitarios da defensa:

a) O centro situado na Academia Xeral Militar de Zaragoza.

b) O centro situado na Escola Naval Militar de Marín.

c) O centro situado na Academia Xeral do Aire de San Javier.

Por orde do titular do Ministerio de Defensa poderanse modificar ou suprimir estes centros, así como integrar outros no sistema.

3. A titularidade dos centros correspóndelle ao Ministerio de Defensa a través da Subsecretaría de Defensa. Cada centro será administrado por un padroado cuxa composición e funcións se establecerán nos respectivos convenios de adscrición.

Artigo 3. *Adscrición.*

1. A adscrición a unha ou a varias universidades públicas dos centros que integran o sistema efectuarase conforme o previsto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. A adscrición de cada centro comporta, en todo caso:

a) Fixar a titulación ou titulacións universitarias oficiais de grao e posgrao que se van obter no centro, en función das necesidades da defensa nacional e das exigencias do exercicio profesional nas Forzas Armadas.

b) Establecer o sistema de xestión económico-administrativa do centro, conforme a lexislación e normativa aplicable a cada universidade.

3. Para fixar as titulacións e o sistema de xestión económico-administrativa teranse en conta as peculiaridades da carreira militar,

4. Cando culmine o proceso de adscrición dos centros, estes terán natureza de centro universitario público, adscrito á universidade correspondente, coa denominación de centro universitario da defensa.

5. Os centros universitarios da defensa rexeranse pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pola Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, pola lexislación autonómica correspondente, pola normativa propia de cada universidade, polos convenios de adscrición e polas súas normas internas de organización e funcionamento.

Artigo 4. *Ensinanzas de posgrao e liñas de investigación.*

Nos centros universitarios da defensa poderanse impartir tamén estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de posgrao, nas modalidades de mestrado e de doutor. Así mesmo, definiranse e desenvolveranse liñas de investigación que se consideren de interese para as Forzas Armadas e para a paz, a seguranza e a defensa, colaborando, se procede, con outras entidades e organismos públicos de ensino e investigación.

Artigo 5. *Financiamento.*

Os centros universitarios da defensa disporán de orzamento propio financiado con cargo ao capítulo 4, transferencias correntes, e ao capítulo 7, transferencias de capital, do orzamento do Ministerio de Defensa. Así mesmo, financiaranse coas subvencións que, conforme a lexislación vixente, se lles poidan outorgar, os remanentes de Tesouraría e outros ingresos calquera percibidos no exercicio das súas actividades.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia exclusiva que, en materia de defensa e Forzas Armadas, ten atribuída o Estado, conforme o artigo 149.1.4.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións considere necesarias para a execución e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificacións orzamentarias.*

O Ministerio de Economía e Facenda realizará as modificacións orzamentarias precisas para lle dar cumprimento ao previsto neste real decreto, mediante a correspondente reasignación dos créditos contidos nos orzamentos ordinarios do Ministerio de Defensa sen que, en ningún caso, esta reasignación poida supoñer incremento do gasto público.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de outubro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,

CARME CHACÓN PIQUERAS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18498 *ORDE EHA/3291/2008, do 7 de novembro, pola que se establece o procedemento de comunicación polas entidades financeiras depositarias de bens mobles e saldos abandonados.* («BOE» 277, do 17-11-2008.)

A Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, atribúelle á Administración xeral do Estado a titularidade de valores, diñeiro e demais bens mobles en que concorran as condicións legais para a súa cualificación como bens incursos en abandono, de modo idéntico á anterior Lei de patrimonio do Estado, de 1964.

No artigo 18.3 da actual norma establécese que a Caixa Xeral de Depósitos e as entidades financeiras depositarias deberánlle comunicar a este ministerio a existencia de tales depósitos e saldos, na forma que se determine por orde do ministro titular do departamento.

A lei reclama, polo tanto, unha nova regulación sobre as actuacións que lles competen ás citadas entidades, que substitúa o tacitamente derogado Real decreto lei do 24 de xaneiro de 1928 e a Orde do Ministerio de Facenda do 8 de xuño de 1968.

Neste sentido, a nova regulación non varía substancialmente as premisas da anterior normativa, ben que se recollen algunhas novidades que pretenden facilitar o cumprimento das obrigas das entidades financeiras, ao mesmo tempo que se introducen medidas que garantan a efectividade da xestión que nesta materia se lle atribúe a este departamento, en colaboración coas ditas entidades.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas de acordo co Consello de Estado:

Artigo 1. *Declaracións.*

1. A comunicación a que se refire o artigo 18.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, que lle deben efectuar ao Ministerio de Economía e Facenda as entidades de crédito, empresas de servizos de investimento ou calquera outra entidade financeira que teña baixo a súa custodia depósitos de valores, en diante entidades declarantes, será unha declaración única por cada entidade, que se presentará dentro do primeiro trimestre natural do ano na Delegación de Economía e Facenda onde radique a súa sede social, e comprenderá os saldos, depósitos e bens mobles abandonados existentes en calquera das súas oficinas ou sucursais que operen no territorio nacional, sobre os cales se cumprisen o prazo e as circunstancias establecidas no artigo 18.1 da Lei 33/2003 dentro do exercicio anterior.

Cando non existan os saldos, depósitos e bens mobles abandonados, abondará cunha comunicación que poña en coñecemento da Delegación de Economía e Facenda esta circunstancia.

2. Cando se trate dunha entidade de crédito ou dunha empresa de servizos de investimento procedente dun Estado membro da Unión Europea que opera en España a través dunha sucursal, presentará a declaración na Delegación de Economía e Facenda onde teña o domicilio a súa oficina principal en España.

3. Por petición formulada pola entidade depositaria ante a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado e logo de autorización desta, a comunicación poderá ser presen-